

ACTA 2ª SESIÓN MESA CONTRATACIÓN EXPEDIENTE: 2744/2020

CONTRATACIÓN DE SERVICIOS E SUBMINISTRO PARA A IMPLANTACIÓN E MANTEMENTO DUN SISTEMA DE XESTIÓN INFORMÁTICA INTEGRADA DA ÁREA ECONÓMICA E DE PERSOAL DO CONCELLO DA ESTRADA

Na sala de xuntas do Concello da Estrada sendo as 11:29 horas do día 6 de outubro de 2020, constitúese a Mesa de Contratación, tras ser suspendida a sesión celebrada o día 5 de outubro de 2020 por ter que ser requirido un licitador para que subsnara documentación para a adjudicación do contato arriba referenciado, cuxa orde do día é a que a continuación se indica, e que queda constituída polos seguintes membros:

Presidente: D. José C. López Campos

Vogais:

Dna. M.ª Jesusa Fernández Bascuas (Secretaria)

Dna. Carmen Gómez Otero (Interventora)

Dna. Paula Yebra Roviral (Tesoureira acctal.)

D. Marcos Andújar Mato (Informático)

Secretaria:

Dna. Vanessa Rodríguez Varela (Administrativa do Concello).

Non asiste ningún membro do grupo municipal BNG.

ORDE DO DÍA:

PRIMEIRO.- Acto de subsanación da documentación administrativa tras haber presentado reposta o licitador requirido para adjudicar o contrato mixto de **SERVIZOS E SUBMINISTRO PARA A IMPLANTACIÓN E MANTEMENTO DUN SISTEMA DE XESTIÓN INFORMÁTICA INTEGRADA DA ÁREA ECONÓMICA E DE PERSOAL DO CONCELLO DA ESTRADA**

SEGUNDO.- Acto de apertura de criterios avaliáveis mediante xuízos de valor (art. 159) para adjudicar o contrato mixto de **SERVIZOS E SUBMINISTRO PARA A IMPLANTACIÓN E MANTEMENTO DUN SISTEMA DE XESTIÓN INFORMÁTICA INTEGRADA DA ÁREA ECONÓMICA E DE PERSOAL DO CONCELLO DA ESTRADA**

Estando ante un expediente de licitación electrónica, iníciase a sesión na Plataforma de Contratos do Sector Público (PLACSP), e constituída a Mesa selecciónase o “Acto de subsanación”, dándose comezo ao mesmo.

Lémbrese que con data 5 de outubro de 2020 foi enviada a través da PLACSP, requerimento ao licitador ABS INFORMÁTICA SLU-B59383596 solicitando a subsanación da seguinte documentación: O Anexo VIII e o Anexo X debidamente asinados, tal e como esixe no PCAP.

De seguido dáse conta da resposta presentada polo licitador ABS INFORMÁTICA, SLU o día 05-10-2020 ás 13:51 horas que contén a documentación requirida: Anexo VIII e Anexo X segundo o esixido no PCAP. Logo da súa cualificación , a Mesa acorda, por unanimidade:

- Admitir neste procedemento a empresa ABS INFORMÁTICA SLU por ter emendado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos.

Quedan, por tanto, admitidos os dous licitadores presentados:

LICITADOR: B59383596

Razón social: ABS INFORMÁTICA, SLU



LICITADOR: B92520451
Razón social: GT3 SOLUCIONES S.L.

Dáse por finalizado o acto e iníciase o segundo acto que figura na orde do día “Acto de apertura de criterios avaliáveis mediante xuízos de valor (art. 159) para adxudicar o contrato mixto de **“SERVIZOS E SUBMINISTRO PARA A IMPLANTACIÓN E MANTEMENTO DUN SISTEMA DE XESTIÓN INFORMÁTICA INTEGRADA DA ÁREA ECONÓMICA E DE PERSOAL DO CONCELLO DA ESTRADA”**.”.

A continuación procédese a apertura da documentación presentada polos licitadores correspondente aos sobres B: Solución técnica proposta e plan de proxecto Memoria que contén a Memoria Técnica.

Seguidamente a Mesa, e de conformidade co establecido nos Pregos de Cláusulas Administrativas, acorda pasar as ofertas á Sra. Gómez Otero, interventora e vogal, á Sra. Yebra Rovira, tesoureira acctal e vogal e ao Sr. Andújar Mato, informático e vogal para que efectúen as valoracións técnicas.

Unha vez efectuados estos informes de valoración volverase a reunir a Mesa de Contratación, o cal será anunciado no Perfil do Contratante o día e a hora, para proceder á valoración do informe técnico e posterior apertura dos sobres C: OFERTA ECONÓMICA E DEMAIS CRITERIOS AVALIABLES AUTOMÁTICAMENTE.

E non sendo outro o obxecto desta reunión dáse por rematado este acto finalizando a sesión ás 13:10 horas

O PRESIDENTE

A SECRETARIA DA MESA

Documento asinado dixitalmente á marxe

